XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO "SAN CLEMENTE"
C/. San Clemente, s/n. • 15705 Santiago de Compostela
Teléfonos 981 58 04 96 - 981 58 03 66 • Fax 981 57 21 90
e.mail:ies.sanclemente@edu.xunta.es
www.iessanclemente.com

Equipo de Dinamización da Lingua Galega
Acta da reunión do día 30-09-2016

Orde do día:

1. Benvida a novos membros.
2. Propostas de actividades para o ano escolar 2016-2017.
3. Participación no Plan Proxecta e en enREDadas.
4. Proxecto de fomento do uso do galego.
5. Reunión no Concello de Compostela.
6. Novas do EDLG.
7. Varios.

---

1. Damos a benvida aos novos membros: Víctor Fernández Albor, Dolores Díaz Rifón, Rosalía Fernández Rial, Maider Rodríguez Puy, Yago Rodríguez Puy, Mercedes Rodríguez Ruibal e Jaime Oviedo Braña.

2. Alén das accións habituais do EDLG no instituto (publicación de novas, labores de corrección da web e wikis, participación no club de lectura, participación en actividades da Coordinadora Galega e DL do Concello de Compostela, etc.) acordamos as seguintes actividades para o presente ano escolar:

    - Novas edicións de concursos:
        - Postais de aninovo.
        - Marcapáxinas (Letras galegas)
        - Concurso literario: relato e poesía.

    - Novas edicións de certames:
        - Certame de micro relato.
        - Certame de micro vídeo.

    - Participación en eTwinning:
        - Participación directa en proxectos, como Letras Galegas 2017.
        - Colaboración noutros proxectos.
        - Participación nas publicacións da Embaixada eTwinning Galicia.

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO "SAN CLEMENTE"
C/. San Clemente, s/n. • 15705 Santiago de Compostela
Teléfonos 981 58 04 96 - 981 58 03 66 • Fax 981 57 21 90
e.mail:ies.sanclemente@edu.xunta.es
www.iessanclemente.com

- Novo número da publicación “Rumbo”, que recolla todos os materiais relacionados co EDLG no final do ano escolar.

3. Inicialmente, ninguén manifestou interese en solicitar a participación do EDLG en enREDadas e no Plan Proxecta durante o presente ano, pero continúa existindo ambas posibilidades.

4. Entre todos os asistentes fomos compartindo varias ideas que incorporamos ao “Proxecto de fomento do uso do galego”, entre as que destacamos as seguintes:
   - Creación dunha Playlist de YouTube con música galega moderna.
   - Expor nas TVs dos corredores os traballos do alumnado, presentacións realizadas xunto con outros EDLGs, etc.
   - Pór na convocatoria do certame de micro vídeos que se debe usar vídeo real en vez de secuencias de imaxes fixas, que sexan gravacións propias e que narren algo en galego, evitando temas que traten sobre Galicia e a lingua galega.
   - Corrixir a wiki “axuda”.
   - Solicitar ao SNA eTwinning España poder marcar a opción “galego” como idioma de traballo dun participante ou dun proxecto.
   - Retomar a gravación do vídeo “A lingua máis importante do mundo”.
   - Palestras sobre xeoloxía e exposición de area de praias galegas.
   - Realización do “Obradoiro OPS!” en 1SMR.
   - Nunha soa frase: Escribir na máquina da biblioteca unha historia colaborativa.
   - “Cafetaría” na aula virtual: idea específica para alumnado a distancia. Foro para compartir experiencias, etc.

5. Víctor F. Albor asistiu á reunión do servizo de Lingua Galega do Concello, onde se propuxeron as seguintes actividades:
   - Clube de debate. A inscrición comeza no 30 de novembro.
   - OPS! Obradoiro gratuíto sobre a relación entre o galego e o portugués.
   - Concurso de Youtubeir@s. Presentación a partir do 30 de novembro. Haberá un obradoiro de dúas sesións que poderán solicitar os centros, impartido pola empresa Illa Bufarda. Exemplo de primaria: “A dama do Sar”.
   - Foto Lingua: concurso fotográfico centrado en Facebook e Instagram. Maio de 2017.

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO "SAN CLEMENTE"
C/. San Clemente, s/n. • 15705 Santiago de Compostela
Teléfonos 981 58 04 96 - 981 58 03 66 • Fax 981 57 21 90
e.mail:ies.sanclemente@edu.xunta.es
www.iessanclemente.com

6. Novo servizo da Xunta para consultar información xeográfica

   Rumbo número 1

   EDLG – Informe final 2015/2016

   Inauguración da exposición "Dúas illas" na Arousa

7. Varios:
   - Proponse que o EDLG pida á Consellaría de Educación máis presenza do galego nos materiais de FP a distancia.
   - Suxírese avisar ás prisións das actividades do EDLG.
   - Acórdase solicitar a subvención da Consellaría de Educación.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2016.